

**PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ADECÚAN AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO E OS ESTATUTOS DO CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC) AO DISPOSTO NA LEI 16/2010 DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA PARA A SÚA CONVERSIÓN NA AXENCIA INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO FINANCEIRA E CONTABLE (AIXTEC).**

---

O Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) foi creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998 de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia dos previstos no artigo 12.1.b) da Lei 11/1992 de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O Decreto 360/1198 do 4 de decembro regulamentaba a dotación de medios persoais e o inicio de actividade, e o Decreto 361/1998, do 4 de decembro aprobou o estatuto do ente público.

A Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia, na súa disposición transitoria terceira, establece:

*" 1. As entidades instrumentais creadas con anterioridade á entrada en vigor da presente norma continuarán rexéndose pola súa normativa específica en tanto en canto non se proceda a adaptar a súa regulación ás determinacións contidas no Título III desta Lei. A referida adaptación realizarase mediante decreto da Xunta de Galicia no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor."*

*" 5. As normas de organización e funcionamento e os estatutos do ... Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) adecuaranse ó disposto na dita lei para as axencias públicas autonómicas, á proposta conxunta dos titulares das consellerías competentes en materia de administración pública e de facenda."*

Mediante este decreto desenvólvese o disposto na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010 de 17 de decembro, adaptando a regulación do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

ás determinacións específicas do Título III relativo ao réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público, e adecuando a normativa do centro á nova realidade xurídica de Axencia Pública Autónoma. Regulase, polo tanto todo o referido á organización e funcionamento da entidade, a súa estrutura, réxime de persoal, réxime económico-financeiro e patrimonial e o seu réxime de contratación.

A Axencia Informática para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (AIXTEC) terá como fins o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa planificación, instalación, xestión, supervisión, asesoramento e coordinación para levar a cabo os procesos informáticos da administración autonómica de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira, e en xeral, os relacionados cos anteriores, incluíndo os ámbitos de nómina e recursos humanos, de contratación pública e patrimonial nos que exerce competencias a Consellería de Facenda, de acordo coa normativa vixente así como a subministración do equipamento informático necesario para os seus fins.

As actuacións da Axencia centraranse por tanto nos sistemas de información e aplicacións informáticas de carácter horizontal que deben ser utilizadas por tódalas consellerías e polas entidades do sector público autonómico, en base ás competencias que as normas vixentes atribúen á Consellería de Facenda.

O ámbito de actuación afectará así mesmo a todos os organismos e entidades dependentes da Consellería titular en materia de facenda, incluíndo á Axencia Tributaria de Galicia cuxa creación autoriza a Lei 15/2010, do 29 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

A Axencia Informática para a Xestión Tributaria económico-financeira e contable (AIXTEC) será o órgano competente para a asistencia informática a Axencia Tributaria de Galicia, ao Consello Galego da Competencia creado pola Lei 1/2010 do 23 de febreiro, así como aos demais órganos e entidades dependentes da Consellería de Facenda, en todos aqueles procesos informáticos relacionados coa función inspectora.

O decreto consta dun único artigo, cuxo obxecto é a adecuación do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable CIXTEC ás especificidades das axencias públicas autonómicas, así como de dúas disposicións adicionais e unha derradeira. Apróbanse, tamén, os seus estatutos contidos no anexo.

A disposición adicional primeira determina a subrogación xurídica da Axencia nos dereitos e obrigas do ente público denominado Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) ó que substitúe.

A integración do persoal do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) na Axencia Informática para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable ven establecido na disposición adicional segunda, que se producirá conservando os dereitos, deberes e condicións profesionais que viñesen ostentando en función da relación xurídica de emprego pola que estivese vinculados no CIXTEC.

Polo exposto, por proposta conxunta dos titulares das consellerías competentes en materia de administración pública e de facenda, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día.....

## **DISPOÑO:**

### **Artigo único**

1. En virtude da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, procédese a adecuar as normas de organización, funcionamento e os estatutos do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (CIXTEC), ao disposto na dita Lei para as axencias públicas autonómicas.
2. Créase a Axencia Informática para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (AIXTEC) e se aproban os seus Estatutos, contidos no Anexo I do presente Decreto.
3. A Axencia Informática para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (AIXTEC) adscríbese á consellería competente en materia de facenda.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **Disposición Adicional Primeira**

A constitución efectiva da Axencia Informática para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e contable (AIXTEC) e a extinción do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), producirase no momento da entrada en vigor do presente decreto, quedando subrogada a Axencia en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas dos que era titular o CIXTEC.

Calquera mención ó CIXTEC contida na lexislación vixente entenderase realizada á nova axencia.

### **Disposición Adicional Segunda**

1. Incorpóranse e intégranse na Axencia Informática para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (AIXTEC) o persoal que, na data de entrada en vigor deste decreto, figure no cadro de persoal do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

2. O persoal integrárase na Axencia ca mesma relación xurídico-laboral que viña mantendo no seu anterior posto, e con recoñecemento da súa antigüidade, conservando os dereitos, deberes e condicións profesionais que viñesen ostentando.

3. O persoal integrado desde a consellería ou entidades públicas delas dependentes incorporárase á Axencia coas súas respectivas dotacións orzamentarias.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste decreto.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

#### **Disposición Final Primeira**

Modifícase o artigo 2º.2 do Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, que queda redactado como segue:

“2. Adscríbense á Consellería de Facenda as seguintes entidades:

- Instituto Galego de Estatística, organismo autónomo de carácter administrativo, que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e as normas que a desenvolven.
- Consello Galego da Competencia, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/2010, do 23 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia.

- Axencia Informática para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (AIXTEC), axencia pública autonómica creada en aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro.
- Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño”

### **Disposición Final Segunda**

Este decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2012.

# **BORRADOR ESTATUTOS DA AXENCIA INFORMATICA PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE (AIXTEC)**

## **CAPITULO I**

### **DISPOSICIONS XERAIS**

#### **Artigo 1. Natureza xurídica e fins.**

1. A Axencia Informática para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (AIXTEC), en adiante "Axencia", configúrase como unha axencia pública autonómica das reguladas na Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Está adscrita á Consellería de Facenda e ten personalidade xurídica propia diferenciada respecto da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos previstos na normativa que lle é de aplicación.

2. A Axencia terá como fins o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa planificación, instalación, xestión, supervisión, asesoramento e coordinación para levar a cabo os procesos informáticos da Administración autonómica de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira, e en xeral, os relacionados cos anteriores, incluíndo os ámbitos da nómina e recursos humanos, de contratación pública e patrimonial, nos que exerce competencias a Consellería de Facenda, de acordo coa normativa vixente así como a subministración do equipamento informático necesarios para os seus fins.

**Artigo 2. Réxime xurídico, condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e contratación.**

1. A Axencia axustará a súa actuación ao establecido á normativa financeira e orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia, ao establecido no presente Estatuto e nas súas normas de desenvolvemento, e supletoriamente, ao previsto nas normas aplicables ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

2. De acordo co establecido na Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, a Axencia ten a consideración de medio propio e de servizo técnico daqueles poderes adxudicadores para os cales realice a parte esencial da súa actividade cando estes exerzan sobre aquela un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos. O réxime das encomendas ou encargos á Axencia serán o definido nos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. A contratación da Axencia rexeráse polas normas xerais de contratación do sector público, actuando como órgano de contratación o Consello Reitor o cal precisará a autorización do Consello da Xunta de Galicia cando por razón da contía lle corresponda a éste autorizar o gasto.

**Artigo 3. Potestades administrativas e relacións con outras administracións públicas.**

1. Dentro das competencias que este estatuto e, se é o caso, outras normas lle atribúan, correspóndelle á Axencia o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, de acordo coa lexislación aplicable.

2. As relacións da Axencia cos órganos da administración autonómica e das restantes administracións públicas ás que dea lugar o exercicio das

competencias e funcións establecidas neste estatuto, manteranse pola presidencia da Axencia, no marco que estableza o Consello Reitor.

#### **Artigo 4. Subrogación.**

1. A Axencia Informática para a Xestión Tributaria económico-financeira e contable (AIXTEC) queda subrogada en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas dos que era titular o Centro Informático para a Xestión Tributaria, económico-financeira e contable (CIXTEC).

#### **Artigo 5. Sede e adscrición.**

1. A Axencia adscríbese á Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

2. A sede institucional da Axencia será en Santiago de Compostela.

#### **Artigo 6. Principios básicos de actuación**

1. A Axencia respectará na súa actuación os principios de xestión transparente por obxectivos, de servizo ao cidadán, ás institucións e á sociedade no seu conxunto, de obxectividade, eficacia e eficiencia, e, especificamente, os seguintes:

a) Principio de transparencia e participación, entendidos respectivamente como a rendición de contas aos cidadáns e como o compromiso de consulta e participación dos interesados na realización dos seus traballos.

b) Principios de autonomía e responsabilidade, entendidos respectivamente como a capacidade da Axencia de xestionar con autonomía os medios postos ao seu dispor para alcanzar os obxectivos comprometidos, e como a súa disposición a asumir as consecuencias dos resultados alcanzados.

c) Principios de cooperación interadministrativa e participación institucional entendidos como a disposición activa a colaborar con outras administracións e institucións.



d) Principio de calidade e mellora continua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos que permitan establecer áreas de mellora.

### **Artigo 7. Funcións**

1. Son funcións da Axencia:

a) A realización das actividades derivadas da específica natureza da súa xestión, coidando da explotación e do mantemento dos sistemas de información e da execución dos procesos informáticos.

b) Actuar como órgano de apoio informático ós servizos da Consellería de Facenda, incluíndo a todas as entidades e organismos dela dependentes.

c) De acordo co disposto no Capítulo IV da Lei 15/2010, do 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas, na que se autoriza a creación da Axencia Tributaria de Galicia, AIXTEC actuará como órgano competente de apoio informático desta Axencia.

d) A Axencia Informática para a Xestión Tributaria económico-financeira e contable (AIXTEC) é o órgano competente para a asistencia informática a Axencia Tributaria de Galicia, ao Consello Galego da Competencia creado pola Lei 1/2010 do 23 de febreiro, así como aos demais órganos e entidades dependentes da Consellería de Facenda, en todos aqueles procesos informáticos relacionados coa función inspectora.

2. Para a consecución dos fins previstos, corresponderalle á Axencia a realización das seguintes actuacións:

a) Análise, deseño, desenvolvemento, xestión e execución dos sistemas e aplicacións informáticas de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira, e en xeral, os relacionados cos anteriores, incluíndo os ámbitos de nómina e recursos humanos, de contratación pública e patrimonial e en xeral todas aquelas outras que lle sexan encomendadas especificamente.

b) Avaliación das necesidades, adquisición, instalación e administración dos equipamentos informáticos necesarios para a realización dos seus fíns.

c) Asistencia, asesoramento, subministración de equipos e procesos informáticos de todas as dependencias, entidades e organismos dependentes da Consellería de Facenda.

d) A emisión de informes técnicos en materia informática e aqueles outros que se lle atribúan, relacionados coas actividades que lle son propias.

e) Asesoramento técnico, impulso e apoio á Consellería competente en materia de Facenda así como aos órganos e entidades dela dependentes, en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións no ámbito tributario, económico-financeiro e contable, así como no ámbito da contratación pública e no patrimonial.

f) Desenvolvemento, impulso e xestión da Administración electrónica en materia tributaria, económico-financeira, contable, de contratación pública e patrimonial no ámbito da Consellería competente en materia de Facenda e nos órganos e entidades dela dependentes.

## **CAPITULO II**

### **CONTRATO PLURIANUAL DE XESTIÓN E PLAN DE ACCIÓN ANUAL**

#### **Artigo 8. O Contrato de xestión.**

1. A Axencia elaborará unha proposta de Contrato de xestión plurianual que terá como contido a regulación da súa actividade e establecerá os obxectivos que se pretenden alcanzar así como a xestión que se vai desenvolver.

2. O Consello reitor aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión no prazo de 3 meses desde a súa constitución. Os posteriores contratos

plurianuales de xestión presentarase no último trimestre de vixencia do anterior.

A aprobación do contrato plurianual de xestión ten lugar por acordo do Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Facenda e da competente en materia de administración pública, nun prazo máximo de tres meses contados dende a súa presentación. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

3. O contrato de xestión comprenderá, cando menos, os aspectos previstos pola Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. En concreto e como mínimo deberá conter:

- O seu período de vixencia.
- Os obxectivos a perseguir, tanto estratéxicos como específicos, e os plans necesarios para acadalos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e os seus prazos temporais.
- Os resultados a obter, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos, establecendo o seu escenario plurianual.
- O marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos, que comprenderá a determinación das necesidades de persoal durante a vixencia do contrato, incluíndo a previsión máxima do cadro de persoal; a natureza e características dos postos de traballo da Axencia e o seu réxime de retribucións.
- A determinación dos recursos persoais, materiais e orzamentarios que a administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos, establecendo o seu escenario plurianual.
- Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no que atinxe á esixencia de responsabilidade pola xestión dos órganos executivos e do persoal directivo.
- De ser o caso, a contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, segundo o establecido na Lei da Función Pública e nas leis anuais de orzamentos da

Comunidade Autónoma. Esta contía estará vinculada estritamente ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados, co informe previo favorable das direccións xerais competentes en materia de función pública e de orzamentos, nos termos aprobados no contrato plurianual de xestión.

- O procedemento que se seguirá para a cobertura dos déficits anuais que, de ser o caso, se puideran producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, de ser o caso, se deban seguir de tales déficits.
- O procedemento par a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, procedan.

4. No contrato plurianual de xestión defíniranse os criterios que permitan a esixencia de responsabilidade por incumprimento de obxectivos pola xestión ao persoal directivo e determinaranse os mecanismos a través dos cales se esixirá a mesma.

#### **Artigo 9. O plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.**

1. A persoa a cargo da Dirección da Axencia propondrá ao Consello Reitor para a súa aprobación, nas datas que estableza a normativa aplicable:

- a) O plan de acción anual no marco do contrato de xestión e sobre a base dos recursos dispoñibles.
- b) O informe xeral de actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior.
- c) As contas anuais acompañadas do informe de auditoría de contas.

2. Os documentos a que se refire este artigo serán públicos, tendo o cidadáns acceso ao seu contido desde a súa aprobación.

3. No primeiro trimestre de cada ano, a persoa titular da Dirección da Axencia informará á Consellería á que estea adscrita, e as competentes en materia de administracións públicas e de facenda, acerca da execución e do cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión do exercicio anterior.

## **CAPITULO III**

### **ORGANIZACIÓN**

#### **Artigo 10. Órganos de goberno.**

Os órganos de goberno da Axencia serán a Presidencia e o Consello Reitor.  
A Dirección será o seu órgano executivo.

#### **Artigo 11. A Presidencia.**

1. A Presidencia da Axencia correspóndelle, por razón do seu cargo, á persoa titular da Consellería competente en materia de Facenda.
2. No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal, a persoa titular da Dirección da Axencia substituirá á titular da Presidencia.
3. A persoa titular da Presidencia poderá delegar no titular da Dirección da Axencia calquera función específica, excepto aquelas que non sexan susceptibles de delegación.

#### **Artigo 12. Funcións da Presidencia**

Son funcións da Presidencia:

- a) Desempeñar a máxima representación institucional da Axencia.
- b) Ordenar a convocatoria do Consello Reitor, fixar a orde do día e presidir as súas sesións.
- c) Velar polo cumprimento das directrices de actuación marcadas pola Xunta de Galicia.
- d) Propoñer a adopción das disposicións regulamentarias necesarias para a organización e o funcionamento da Axencia.

No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal, a persoa titular da Dirección substituirá ó titular da Presidencia

#### **Artigo 13. O Consello Reitor**

1. O Consello Reitor é un órgano colexiado de goberno formado polos seguintes membros:

- a) A persoa titular da Consellería competente en materia de Facenda.

- b) A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
  - c) A persoa titular da Dirección Xeral de de Tributos.
  - d) A persoa titular da Dirección Xeral de Orzamentos.
  - e) A persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística (IGE).
  - f) A persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - g) Un representante do centro directivo ou entidade pública instrumental competente en materia de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
  - h) A persoa titular da Dirección da Axencia, que será membro nato do Consello Reitor.
2. Un dos membros do Consello Reitor actuará en calidade de representante da Consellería de Facenda.
3. O Presidente do Consello Reitor será o titular da Presidencia da Axencia ou persoa en quen delegue.
4. O Consello Reitor nomeará un secretario, que actuará con voz pero sen voto. Dito nomeamento poderá recaer nunha persoa adscrita á estrutura administrativa da Axencia. No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal da persoa titular da secretaría o consello nomeará a persoa que o substitúa.

#### **Artigo 14. Funcións do Consello Reitor**

1. Correspóndelle ó Consello Reitor exercer, sen máis limitacións que as establecidas polas leis, tódalas facultades e funcións que sexan precisas para acadar os fins da Axencia, en especial:
- a) Orientar a actuación da Axencia dentro das liñas marcadas pola Consellería de Facenda.
  - b) O seguimento, a supervisión e o control superior da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da dirección.
  - c) A proposta do contrato de xestión da Axencia e a aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais, así como dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento de ditos

obxectivos e do grado de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.

- d) A aprobación dun informe xeral de actividade correspondente ó ano inmediatamente anterior, desenvolvida pola Axencia e de cantos informes extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión.
- e) Decidir sobre tódalas cuestións relacionadas coa organización, co funcionamento e coas operacións que ten que realizar a Axencia, sen prexuízo das facultades atribuídas por este decreto ao presidente e ao director e das que lles sexan delegadas.
- f) Aprobar o anteproxecto de orzamentos, que lle será remitido á Consellería de Facenda.
- g) Aprobar as contas anuais acompañadas do informe de auditoría de contas e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio.
- h) Nomear e separar ao persoal directivo, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das funcións asignadas a eles.
- i) A aprobación e modificación do cadro de persoal, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública.
- j) Decidir sobre os asuntos que lle someta o presidente.
- k) Aprobar o plan de acción anual sobre a base dos recursos dispoñibles.

O Consello reitor poderá delegar na Dirección da Axencia calquera función específica, excepto aquelas que non sexan susceptibles de delegación.

#### **Artigo 15. A Comisión de Control. Composición e réxime de funcionamento**

No seo do Consello Reitor constituirase unha comisión de control composta por tres membros, que non teñan responsabilidades de xestión na Axencia e con coñecementos en materia de xestión orzamentaria, control interno ou control da actividade económica-financeira do sector público autonómico. En todo caso, formará parte da comisión a persoa representante da Consellería de Facenda no Consello Reitor.

Na reunión constitutiva da Comisión de Control, esta designará como Presidente a un dos seus membros. Tamén designará a un secretario que poderá pertencer ou non á Comisión, actuando neste último caso con voz pero sen voto.

A Comisión de Control reunirase, cando menos, unha vez cada tres meses.

### **Artigo 16. Atribucións da Comisión de Control**

Correspóndelle á Comisión de Control:

- a) Elaborar para o Consello Reitor, coa periodicidade que o mesmo decida, e cando menos unha vez ao semestre, informes sobre o desenvolvemento e execución do contrato de xestión.
- b) Analizar os resultados da xestión económico-financeira a través da información que, de forma periódica, deberán proporcionarlle os órganos xestores.
- c) Informar ao Consello Reitor sobre a execución do orzamento e sobre as modificacións orzamentarias que, no seu caso, sexan aprobadas polo Director.
- d) Recabar información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais e demais normas aplicables, así como coñecer dos informes de auditoría de contas e informes adicionais sobre funcionamento do control interno, e propoñer ao Consello Reitor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.

### **Artigo 17. A Dirección**

1. A Dirección, é o órgano executivo da Axencia.
2. A persoa titular da Dirección da Axencia será nomeada e separada polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Conselleira de Facenda, e o seu cargo será incompatible con calquera outra actividade pública ou privada, nos termos previstos na lexislación. Terá a consideración de alto cargo da Administración da Comunidade Autónoma e deben esixirille requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo e experiencia acreditada na xestión pública.



### **Artigo 18. Funcións da Dirección.**

Son funcións da Dirección:

1. A responsabilidade da xestión ordinaria da Axencia e exercer as competencias inherentes a dita dirección, así como as que expresamente se lle atribúan no presente decreto e as que lle delegue o Consello Reitor ou a Presidencia da Axencia.
2. Dar cumprimento ós acordos do Consello Reitor.
3. Propoñer as liñas estratéxicas de actuación da Axencia e o programa anual de actividades.
4. Actuar como órgano de contratación, sempre que o importe da mesma sexa inferior ao fixado na normativa de contratación do sector público para os contratos de subministración e servizos que teñan a consideración de suxeitos a regulación harmonizada e, no caso dos contratos de obras, cando o seu importe sexa inferior aos 600.000€.
5. Xestionar a Axencia e render contas da xestión perante o Consello Reitor.
6. Elaborar o anteproxecto de orzamentos, a memoria anual, o balance e maila conta de perdas e ganancias.
7. Elaborar a proposta de estrutura e dotación de persoal da Axencia.
8. Exercer a dirección administrativa e de persoal.
9. Coordinar, inspeccionar e controlar o funcionamento dos servizos e das dependencias.
10. Propoñer ao Consello Reitor o nomeamento do persoal directivo da Axencia.
11. Exercer as funcións delegadas pola presidencia ou polo Consello Reitor.

### **Artigo 19. Asesoría Xurídica e Asistencia xurídica**

O asesoramento xurídico da Axencia corresponderá a Asesoría Xurídica, que, integrada por un funcionario da escala de letrados da Xunta de Galicia, rexerese polo disposto no Decreto 343/2003 de 11 de xullo que aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Para a representación e defensa en xuízo, no seu caso, a Axencia poderá acordar no marco do que estableza o contrato de xestión, a sinatura dun convenio coa Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, nos termos previstos no citado regulamento orgánico.

## **Artigo 20. Estrutura administrativa**

A Axencia organizase na seguinte estrutura:

### *1.-División de desenvolvemento de Sistemas de Información.*

Esta División ten atribuídas as seguintes funcións:

- O desenvolvemento, adaptación e mellora das aplicacións e sistemas de información que sexan utilizados en virtude das funcións especificadas no artigo 7.
- O Aseguramento do correcto funcionamento operacional dos sistemas informáticos e a prestación ininterrompida dos servizos cos máximos niveis de calidade e seguridade.
- As actuacións propias da administración e explotación dos sistemas de información.
- A integración dos sistemas de información coas novas tecnoloxías.
- Aquelas outras que lle encomende a Dirección.

A División de Desenvolvemento de Sistemas de Información estrutúrase nas seguintes áreas operativas, as que lle corresponden o exercicio das funcións da División en relación cos sistemas específicos de cada unha das áreas:

#### 1.1 Area de Sistemas Orzamentarios, Contables e do Tesouro.

Correspóndelle a xestión dos sistemas de información de natureza orzamentaria, contable e/ou de tesouraría.

#### 1.2 Area de Sistemas Xerais e de Recursos Humanos.

Correspóndelle a xestión dos sistemas de información relativos á nómina e recursos humanos e outros sistemas de información xerais relativos ás competencias da Consellería titular en materia de Facenda e as entidades dela dependentes.

#### 1.3 Area de Sistemas Tributarios e Integrais.

Correspóndelle a xestión dos sistemas de información de natureza tributaria e outros sistemas de información integrais relativos ás competencias da Consellería titular en materia de Facenda e as entidades dela dependentes.

## *2. División de Innovación Tecnolóxica e Telecomunicacións.*

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- A análise, estudo e avaliación técnica que permita a implantación de sistemas de información.
- Planificación das actuacións en materia de integración de novas tecnoloxías e telecomunicacións cos sistemas de información da Axencia.

A División de Innovación Tecnolóxica e Telecomunicacións estrúcturase nas seguintes Areas operativas:

2.1 Area de Sistemas e comunicacións á que lle corresponden as seguintes funcións:

- Planificación, implantación e xestión da plataforma tecnolóxica, servidores, sistemas de almacenamento e software de base.
- O Aseguramento do correcto funcionamento operacional dos sistemas informáticos e a prestación ininterrompida dos servizos cos máximos niveis de calidade e seguridade.
- Definición e implantación da política de seguridade empregada nos sistemas e de acceso dos usuarios aos recursos informáticos.
- Xestión da infraestrutura de sistemas, comunicacións, redes de área local, salas técnicas e do establecemento das políticas de respaldo.
- Planificación, implantación e xestión da infraestrutura de Telecomunicacións da Axencia dentro do ámbito das súas competencias.
- Xestión do acceso corporativo a internet e do correo electrónico así como xestión de dominios e xestión do acceso remoto.
- Aquelas outras que lle encomende a Dirección.

2.2 Area de análise dos Sistemas de Información e interoperabilidade, a que lle corresponden as seguintes funcións:

- Deseño, desenvolvemento, implantación e mantemento dos sistemas analíticos de información.

- Planificación, xestión e mantemento das ferramentas e compoñentes para a configuración dos sistemas analíticos de información.
- Coordinación cos departamentos e unidades funcionais implicadas na definición e evolución dos sistemas.
- Desenvolvemento dos modelos de integración e interoperabilidade entre os sistemas de información corporativos e outros de carácter departamental.
- Elaboración do catálogo de servizos electrónicos dispoñibles para interactuar con outros Organismos e Entidades públicas ou privadas.
- Definición de estándares de intercambio de información entre os sistemas de información.
- Na área da súa competencia, propor normas e procedementos que garantan a calidade e seguridade de acceso dos sistemas analíticos.

Dependendo directamente da Dirección, o Departamento de Xestión Económica e Réxime interno ten asignadas as funcións de control e seguimento da contratación administrativa, a xestión de persoal, o control orzamentario e a xestión económico-financeira.

## **CAPITULO IV**

### **Réxime económico, financeiro, orzamentario e de contabilidade**

#### **Artigo 21. Réxime Económico**

Os recursos económicos da Axencia son:

- a) As transferencias consignadas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os ingresos propios que perciba como contraprestación polas actividades que poida desenvolver en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas, incluíndo aqueles recibidos como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.
- c) Os ingresos devengados pola explotación ou uso das súas solucións, sistemas de información, aplicativos ou desenvolvementos tecnolóxicos.

Mediante acordos, convenios ou contratos, deben establecerse os réximes de cesións ou venda, no seu caso, dos produtos deste título, así como o sistema de contraprestacións e marco de prezos públicos ou mercantís, dentro do límite dos obxectivos da Axencia, e do carácter de servizo público en xeral.

- d) O produto do alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de conformidade co establecido na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) O rendemento procedente dos seus bens e valores.
- f) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e calquera outra transmisión a título gratuito de particulares ou empresas privadas.
- g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizada a percibir.
- h) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír.

## **Artigo 22. Réxime Financeiro**

O réxime financeiro, contable e orzamentario da Axencia axustarase ao previsto na Lei 16/2010 de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como á lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **Artigo 23. Réxime Orzamentario**

Sen perxuízo do disposto no artigo 83 da Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) Corresponde ó Consello Reitor elaborar e aprobar o anteproxecto de orzamento. O anteproxecto debe ser remitido para o seu exame á Consellería de Facenda que o acompañará xunto co propio para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- b) O orzamento da Axencia elaborarse de acordo coa regulamentación que estableza a Consellería de Facenda.

- c) Os orzamentos da Axencia teñen carácter limitativo polo seu importe global e estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, excepto os correspondentes a gastos de persoal e capital, os cales teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.
- d) A dirección da Axencia poderá acordar incorporar o remanente de tesourería non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Orzamentos, que se pronunciará respecto dos seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria. Do devandito acordo daráselle conta á Comisión de Control.

#### **Artigo 24. Réxime Patrimonial**

1. Para o desempeño das súas funcións adscríbese á Axencia os bens que viña utilizando á entrada en vigor deste decreto o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC). Esta adscrición está sometida á normativa patrimonial da Comunidade Autónoma de Galicia. O patrimonio que teña a Axencia será patrimonio propio, distinto do da Xunta de Galicia.

2. O patrimonio da Axencia está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle foran atribuídos, e rexerese pola lexislación de patrimonio da administración pública galega.

Corresponde, en todo caso, á Axencia a titularidade patrimonial sobre todo ben material ou lóxico afecto ou necesario para a prestación dos servizos que ten encomendados no seu ámbito de actuación.

3. A estes efectos, forman parte do patrimonio da Axencia, a totalidade dos bens materiais, ou lóxicos en materia de informática e comunicacións, necesarios para a prestación dos servizos que lle competen no seu ámbito de actuación e, en particular, os que integraban o patrimonio do Centro Informático para a Xestión Tributaria, económico-financeira e contable (CIXTEC).

### **Artigo 25. Contabilidade**

O réxime de contabilidade será o establecido na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A Axencia deberá aplicar os principios contables que lle correspondan, para o que contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento e proporcione información sobre os custos da súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

Así mesmo, a Axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita seguir o cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

### **Artigo 26. Control da xestión económica e financeira**

1.- O control externo da xestión económica-financeira da Axencia correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.

2.- O control interno da actividade económica-financeira da Axencia correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e realizarase de acordo co disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3.- Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, a Axencia estará sometida a un control de eficacia que será exercido, a través do seguimento do contrato de xestión, pola Consellería de Facenda. Dito control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.

### **Artigo 27. Endebedamento**

Queda prohibido o recurso ao endebedamento a longo prazo, agás que unha norma con rango de lei o autorice expresamente.

### **Artigo 28. Sistemas de información**

Os sistemas de información en materia económica, financeira, contable, patrimonial, contratación pública, nómina, recursos humanos e función pública

serán os que determine e autorice expresamente a Consellería competente en materia de Facenda.

## **CAPITULO V**

### **RÉXIME DE PERSOAL**

#### **Artigo 29. Persoal da Axencia.**

O persoal da Axencia Informática para a Xestión Tributaria económico-financeira e contable estará constituído por:

- a) Persoal directivo.
- b) Persoal funcionario, estatutario e/ou laboral da Xunta de Galicia.
- c) Persoal laboral propio.

O persoal funcionario e estatutario rexerase pola normativa reguladora da función pública e polas súas normas de desenvolvemento.

Ao persoal laboral seralle de aplicación o convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia e as disposicións que lle sexan de aplicación da normativa reguladora da función pública galega, así como o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e polo resto da normativa laboral de aplicación.

#### **Artigo 30. Ordenación de postos de traballo.**

1. A relación de postos de traballo da Axencia determinará a natureza, contido e características do desempeño e retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de función pública.

2. A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo da Axencia serán acordadas polo Consello Reitor, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. En todo caso, a aprobación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia estará sometida na súa tramitación á normativa xeral



establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de planificación de persoal.

### **Artigo 31. Procedementos de selección de Personal**

1.- A selección do persoal da Axencia, agás o directivo e as demais excepcións previstas na Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:

- a) Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección.
- b) Bases das convocatorias
- c) Probas de selección

2.- Á Axencia correspóndelle a determinación, logo do informe favorable do órgano directivo da administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de función pública, dos criterios de selección do seu persoal laboral e a convocatoria e xestión dos procesos selectivos deste, de acordo cos principios de concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade e demais establecidos pola lexislación xeral de emprego público. Tamén serán aplicables as demais disposicións da lexislación galega sobre emprego público.

### **Artigo 32. Persoal laboral temporal da Axencia.**

1. A celebración de contratos laborais de duración determinada debe ser autorizada polo Consello Reitor, contando cos informes favorables previos dos centros directivos competentes en materia de función pública e de orzamentos, sen que, en ningún caso, poidan dar lugar a contratos indefinidos. A selección deste persoal realizarase entre as persoas incluídas nas listas da Administración autonómica ou, de ser o caso, a través dos servizos públicos de emprego.

2. A Axencia poderá excepcionalmente acollerse a un sistema de listas previo por categorías, coa autorización previa do centro directivo competente en materia de función pública, logo da negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

### **Artigo 33. Provisión de postos de traballo e mobilidade do persoal**

1. A provisión de postos de traballo do persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia correspóndelle ao centro directivo competente en materia de función pública, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos na normativa de función pública.

2. A mobilidade do persoal funcionario e estatutario e laboral da Xunta de Galicia, destinado na Axencia someterase ao réxime xeral previsto na normativa de función pública.

A mobilidade do persoal laboral da Axencia someterase ao réxime previsto para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

### **Artigo 34. Condicións de traballo e réxime retributivo**

1. A aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal da Axencia e o seu réxime retributivo, require informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e deberán ser negociadas previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

2. Os conceptos retributivos do persoal funcionario da Axencia son os establecidos na normativa reguladora da función pública de Galicia, e dos orzamentos da Comunidade Autónoma. As súas contías determinaranse no marco do contrato de xestión.

3. As condicións retributivas do persoal laboral son as establecidas no convenio colectivo aplicable e no respectivo contrato de traballo e as súas contías fixaranse de acordo co establecido no apartado anterior.

4. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, estará en todo caso vinculado ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

5. De acordo cos sistemas de representación e participación do persoal, establecerase un sistema de avaliación que sirva de instrumento obxectivo para a valoración do desempeño dos postos de traballo e a asignación da produtividade, de ser o caso. O sistema de avaliación valorará rendementos

colectivos das unidades e realizará unha valoración individual de cada posto de traballo.

**Artigo 35. Persoal directivo.**

O Persoal directivo da Axencia ocupará os postos definidos como tales no cadro de persoal, en atención a especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das función asignadas.

O persoal directivo será nomeado e separado polo Consello Reitor, a proposta motivada da Dirección, entre persoas con acreditada competencia profesional e idoneidade. A retribución variable, no seu caso, determinarase no contrato de xestión.

**Artigo 36. Incompatibilidades.**

O persoal da Axencia estará suxeito ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para o persoal ao servizo das Administracións públicas ou, no seu caso, ao previsto na Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da administración autonómica.

## **CAPITULO VI**

### **RÉXIME DE FUNCIONAMENTO**

**Artigo 37. Transparencia na xestión**

1.- Sen prexuízo das demais obrigas de información ao cidadán establecidas na lexislación vixente e daquelas outras que os órganos de dirección consideren oportunas, a Axencia Informática para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (AIXTEC) publicará na súa sede electrónica información actualizada sobre os seguintes aspectos:

- a) O contrato de xestión da Axencia, o plan de acción anual, o informe xeral de actividade e as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas.
- b) As redes de coñecemento e intercambio de información que impulse e, de ser o caso, outras que existan no territorio de Galicia.

- c) Os recursos públicos destinados pola Xunta de Galicia ás políticas que desenvolva a Axencia e, de ser o caso, condicións e formas de acceso a eles.
  - d) Outros recursos públicos ou privados destinados a similares fins e dispoñibles no ámbito de Galicia, dos que a Axencia teña coñecemento.
  - e) Os procedementos e medios de acceso dos interesados aos servizos da Axencia e os dereitos que para ese efecto lles correspondan.
- 2.- A Axencia habilitará os mecanismos precisos para garantir o acceso á información contida na súa sede electrónica.

### **Artigo 38. Disposicións e actos administrativos**

- 1.- A Axencia ditará as normas internas necesarias para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, que poderán adoptar a forma de:
- a) Resolución, instrucións e circulares da Presidencia da Axencia.
  - b) Acordos do Consello Reitor.
  - c) Resolucións da Dirección.
- 2.- Os actos e resolucións ditados polos órganos de goberno da Axencia poñen fin á vía administrativa, sendo susceptibles de impugnación na vía contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.
- 3.- Os actos administrativos da Dirección da Axencia poderán ser recorridos en alzada perante a Presidencia, agás que foran ditados por delegación desta.
- 4.- A competencia para resolver os procedementos de revisión de oficio dos actos administrativos nulos, declarar a lesividade dos anulables e revogar os de gravame ou desfavorables, correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de facenda.
- 5.- Así mesmo, atribúeselle á persoa titular da consellería competente en materia de facenda a resolución das reclamacións previas en asuntos civís e laborais e das reclamacións de responsabilidade patrimonial.

**Artigo 39. Uso dos Fondos informáticos.**

Os uso dos fondos informáticos xestionados pola Axencia virá determinado polas súas competencias, polo do disposto no artigo 21. b) do presente Estatuto e polo que determine a Consellería competente en materia de Facenda.

Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Axencia no exercicio das funcións que desempeña terán o carácter reservado a que alude a Lei Orgánica de Protección de datos e á Lei Xeral Tributaria e conseguintemente non poderán cederse a terceiros fora dos supostos a que se refire a antedita disposición.

As autoridades e persoal da Axencia atópanse igualmente suxeitas ó deber de sigilo que legalmente se lles impón respecto de tales informacións.